



## Concello de Castrolverde

### DECRETO DE ALCALDÍA

#### **EXPEDIENTE 50/2023. APROBACIÓN LISTA DE ASPIRANTES, DATA DE REALIZACIÓN DA PROBA E DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2023).**

Visto que, ao abeiro da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 1 de febreiro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023, tense concedido a este concello, unha subvención para a contratación dunha (1) persoa, coa categoría de condutor, ao 100% de xornada, por un período de 9 meses, para execución do servizo de “limpeza de cortalumes e pistas forestais”.

Formulada a correspondente oferta de emprego diante da Oficina de emprego Lugo Sur, pola mesma tense remitido o resultado da selección, constando que os aspirantes presentáranse no Concello o vindeiro día 12 do actual mes de maio.

Visto que as bases reguladoras da convocatoria que rexerán a contratación foron aprobadas en data 24/04/2023.

Pola presente, RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Aprobar a seguinte relación de aspirantes remitida pola Oficina de Emprego Lugo Sur:

- Avelino Abuin Lombao
- José Manuel Tallón Abuin
- Álvaro Vidal Monteseirín

**SEGUNDO.** A realización das probas selectivas, consistente nunha proba práctica de manexo de maquinaria, terá lugar o día 12 de maio de 2023, ás 11:00 horas, no recinto do Mercado Gandeiro de Castrolverde.

**TERCEIRO.** Designar como membros do tribunal cualificador:

- Presidente: José Luís López Arias, empregado público do Concello de Castrolverde.
- Suplente: Juan José Castedo Rey, empregado público do Concello de Castrolverde.
- Primeiro vogal: Elvira de Dios Pérez, empregada pública do Concello de Castrolverde.
- Suplente: Mónica Pérez Martínez, empregada Pública do Concello de Castrolverde.
- Segundo vogal: Manuela López Veiga, empregada pública do Concello de Castrolverde.
- Suplente: Sandra Díaz Álvarez, empregada pública do Concello de Vilalba.
- Terceiro vogal: M<sup>a</sup> José Álvarez Arias, empregada pública do Concello de Castrolverde.
- Suplente: Ángel Álvarez Pereira, empregado público do Concello de Baleira.





## Concello de Castrolverde

---

-Secretario: Manuel Fernández Fernández, empregado público do Concello de Castrolverde.  
Suplente: Rafael José del Barrio Berbel, empregado público do Concello de Castrolverde.  
Notificarase a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

**CUARTO.** Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Castrolverde e na súa páxina web a presente Resolución, aos efectos oportunos.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, don Xosé M<sup>a</sup> Arias Fernández, do que eu, secretario-interventor, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 6ZPY6T7SFQPHNLHPPEPX75NGN9  
Corrección: <https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

